

MEMORIA DE ACTUACIÓN
Casa de Acollida
para
Persoas Afectadas polo VIH-SIDA
2013

Nome da Asociación

Comité Cidadán Anti-SIDA de Ourense

Representante Legal da Asociación

Jesús Apolinar Álvarez Mazariegos
Presidente

Coordinador do Proxecto-Servicio

Agustín González Ferro
Coordinador Xeral de Programas e Servizos

Xustificación:

A creación da Casa de Acollida, no ano 1994, estivo motivada pola necesidade de ofertar unha alternativa as persoas afectadas pola VIH-SIDA que carecían de recursos socioeconómicos e/ou non contaban cunha estrutura familiar garante dunha vida digna. Se trataba-trata de facer fronte a unha especie de prevención secundaria que evite, palíe, situacións de profundo desarraigo social, a non adherencia a tratamentos, o seguimento deficitario das pautas médicas, a falla de coidados básicos, a alimentación insuficiente, ..., así como os ingresos hospitalarios continuados. En definitiva tratouse de xerar-implantar un recurso sociosanitario que facilitase-facilite o afectado polo VIH-SIDA a posibilidade de unhas condicións de vida dignas, favorecendo o aumento da súa calidade e cantidade de vida, evitando situacións graves de marxinação e indefensión o tempo que se reduce o custe sanitario.

A realidade, constatada nese intre, e que se mantén na actualidade, é que nos atopamos con un importante número de persoas afectadas polo VIH-SIDA, que son dadas de alta nos hospitais sen ter un lugar onde vivir ou de internos afectados pola enfermidade que non poden acollese o artigo 196.2 do Código Penal Vixente por carecer de familia de referencia ou rexeitar a mesma o acollemento.

Por outra veira, ó feito ser afectado por o VIH-SIDA, se asocia, en non poucos casos, o deterioro bio-psico-social que ocasiona a problemática da drogodependencia, sendo na poboación mais desfavorecida socioeconómica e culturalmente onde maior é a incidencia e repercusión destas dúas patoloxías.

Así mesmo, a evolución dos tratamentos retrovirais así como o de algunhas enfermidades oportunistas traducíuse nunha cronificación da infección polo VIH-SIDA, o que fai preciso individualizar o máximo posible o proceso de cada residente abarcando dende o establecemento de pautas de normalidade dentro da casa ate a abordaxe da reincorporación social.

Este modelo de Casa de Acollida non dispón de un recurso paralelo (vivenda tutelada, piso para persoas con maior autonomía, piso de afectados VIH da 3ª Idade, ...) o que supón a necesidade de conxugar situacións sociais e persoais diferentes, abordando non so os coidados básicos senón tamén os procesos de reinserción social na súa acepción mais ampla e integradora. Este obxectivo, fai preciso un funcionamento da Casa cun criterio de rede, optimizando os recursos sociais existentes e profundizando na colaboración e coordinación cas distintas entidades e institucións comunitarias nos ámbitos local, autonómico e nacional (Unidades de Seguimento do VIH-SIDA do Complexo Hospitalario Cristal Piñor e do resto de hospitais de Galicia, UAD's de Galicia, Casas da Acollida da Cominidade Galega e do Estado, Proxecto Home, Asociación de Axuda a Drogodependentes, Unidades de Servicios Sociais do Concello de Ourense, Servicios Sociais Penitenciarios, ...)

Obxectivos Xerais:

- Convertirse en referente para a poboación afectada polo VIH-SIDA, en cuanto que recurso de acollida facilitador do seu proceso de atención sociosanitaria así como mediador-orientador do proceso de reinserción/incorporación socio-laboral.
- Xerar un espacio para acollida e o desenvolvemento emocional.
- Proporcionar os afectados polo VIH-SIDA, que o precisen, un medio socioambiental axeitado onde aprender e por en práctica -guiados por educadores- estratexias, habilidades, actitudes e comportamentos que fagan posible una vida social normalizada e estruturada.
- Posibilitar a plena integración das persoas privadas de liberdade, afectadas polo VIH-SIDA, nun entorno estruturado e de acollida que facilite un seguimento sanitario e medie na súa reincorporación social, familiar e laboral.

Obxectivos Específicos:

Metodoloxía, Actuacións e Usuarios:

Metodoloxía:

Fixose unha primeira valoración do perfil do solicitante do recurso en base a entrevista persoal e o estudio dos informes sociais, penitenciarios (se procede), sanitarios, psiquiátricos e toxicolóxicos.

Se o perfil do solicitante reúne os requisitos se procede a facer a súa acollida no recurso e elaborase, conxuntamente co residente, o programa de desenvolvemento individualizado (P.D.I.) cara incidir naquelas áreas que presenten maior problemática.

O recurso cubriu as necesidades de vivenda e alimentación dos residentes.

O residente deberá axustarse a un sistema de normas en cuanto a horarios, convivencia, tarefas e programa terapéutico e sanitario. Durante el período de estancia no recurso prohibese o consumo de sustancias tóxicas.

O período inicial de estancia no recurso fíxase en 6 meses, podendo extenderse este, si fose imprescindible para o logro da plena integración e autonomía. A non implicación no logro dos obxectivos do P.D.I., o consumo de sustancias tóxicas, a agresión física, a comisión de delitos, ou o incumprimento reiterado da normativa xeral serán motivo de expulsión.

Todas as tarefas domesticas serán realizadas polos residentes con apoio e supervisión dós educadores.

Actuacións:

As actividades desglosáronse de acordo ás diferentes áreas e realizaranse dentro e fora do recurso primando a participación en recursos e actividades comunitarias, no obstante con carácter xenérico de establecen las seguintes:

- Acollida, avaliación e orientación.
- Elaboración de programas de desenvolvemento individual (Traballo por áreas).
- Desenvolvemento de actividades domésticas.
- Terapia individual.
- Visitas de e á familia do residente.
- Visitas ó medio familiar.
- Terapia ocupacional e de ocio e tempo libre (incorporación nós recursos comunitarios).
- Talleres formativos (HH. Sociais, HH. Sociolaborais...).
- Seguímentos e acompañamentos en xestións (DNI, INEM, Xulgado, Servicios Sanitarios, Centros de Atención a Drogodependentes...) e posta en práctica de habilidades.
- Seguimento e control do proceso de deshabitación e mantemento da abstinencia.
- Controles analíticos de consumo.

As actuacións e os criterios de avaliación de referencia en cada área foron:

Área Domestica e de Convivencia
<ul style="list-style-type: none">• Elaboración conxunta do menú semanal seguindo criterios de nutrición adecuados e de acordo co presuposto económico marcado previamente.• Asamblea quincenal cos residentes na que se abordarán cuestións relacionadas co funcionamento da Casa: quendas de limpeza, compras necesarias, gastos, ...• Elaboración conxunta do listado de compras (limpeza, reparacións, ...).• Reunión mensual dos/das residentes da Casa co Equipo Coordinador.• Manual explicativo de tarefas a realizar en cada quenda de limpeza.• Acompañamento/adestramento na realización de tarefas.• Programación de tarefas de cociña (cenas e fines de semana).• Planificación e supervisión de cambios de roupa de cama, toallas, ...• Supervisión diaria da limpeza da casa (habitacións, baños,...)• Supervisión do cumprimento das pautas marcadas na manipulación de alimentos e hixiene persoal diaria.• Asamblea quincenal na que tamén se abordarán conflitos, dificultades, incidencias xurdidas no grupo.

Área Formativa e Laboral

- Entrevistas individuais (P.D.I.)
- Derivación a recursos (E.P.A; I.N.G.A.B.A.D; ...)
- Acompañamentos iniciais (matriculación, horarios, ...)
- Planificación de clases de apoio.
- Programación de horarios/tempo de estudio.
- Adestramento en técnicas de estudio.
- Búsqueda e información sobre recursos que oferten formación: centros, academias, ...
- Contacto e coordinación con estes centros.
- Establecimiento de metas a corto e medio prazo no seu proceso de formación/ocupación (P.D.I.)
- Inscripción no I.N.E.M. e revisións periódicas.
- Inscripción en Axencias de Colocación Temporal.
- Adestramento e elaboración de currículum e carta de presentación.
- Planificación de visitas periódicas a I.N.E.M. , Axencias de Colocación Temporal, ...
- Elaboración de listado actualizado de recursos e direccións.
- Planificación de envíos de currículum e rexistro dós mesmos.
- Adestramento en Habilidades Sociais.
- Proxecto de Inserción Socio-Laboral (Anexo III).

Indicadores de Avaliación:

- Número de cursos realizados.
- Número de persoas que inician/rematen cursos.
- Número de visitas a axencias de colocación.
- Rexistro de envíos de currículum.
- Número de entrevistas de traballo
- Número de contratados
- Avaliación Proxecto de Inserción Socio-Laboral (Anexo III).

Área de Saúde (1)

- Recollida de información sobre seu estado de saúde, mediante la cumprimentación dós protocolo á chegada e seu posterior seguimento a través de la realización de los P.D.I. s.
- Información ó residente sobre los recursos sanitarios existentes no ámbito local.
- Incorporación á rede sanitaria:
 - Atención Primaria:
 - Cambios na Tarxeta Sanitaria.
 - Asignación de médico de cabeceira.
 - Acompañamentos e las citas médicas.
 - Coordinación con el profesional de referencia.
 - Detección de enfermidades que non estean sometidas a tratamento e derivación según especialidades.
 - Provisión de medicación.
 - Atención Especializada (V.I.H.)

- Acompañamento ás citas médicas.
- Coordinación cós profesionais de referencia.
- Realización e seguimento de análise linfocitarios e de carga viral.
- Hospitalizacións necesarias para o tratamento de enfermidades.
- Vacinacións.
- Ingresos por urxencias.
- Provisión de medicación.
- Información a nivel individual (P.D.I.s) e grupal.
- Creación de biblioteca e videoteca con material informativo.
- Escola de Saúde.

Área de Saúde (2)

- Información sobre medicación: efectos positivos e negativos.
- Programación individualizada dós horarios dás tomas de medicación.
- Rexistro individualizado dás citas médicas.
- Coordinación có persoal sanitario cara o mantemento de boas relacións có residente.
- Entrevistas individuais (P.D.I.).
- Información sobre las pautas hixiénicas a seguir na casa.
- Supervisión diaria dó cumprimento de normas hixiénicas.
- Elaboración de dietas sanas e completas e individualización de la alimentación según necesidades concretas.
- Taller de cociña.
- Información sobre autocoidados.
- Práctica de deporte (natación, ximnasia, ...).
- Proxecto de Educación para a Saúde (Anexo I)

Indicadores de Avaliación:

- Cumprimentación dós protocolos médicos.
- Cumprimento dá programación de actividades informativas.
- Realización dá Escola de Saúde.
- Elaboración dós menús por parte dós residentes. Estudio de evolución dás dietas e grado de axuste có programado.
- Número de persoas que inician/manteñen prácticas deportivas.
- Número de persoas que realizan taller de cociña.
- Realización de biblioteca.
- Abandono dá medicación retroviral.
- Avaliación do Proxecto de Educación para a Saúde (Anexo I).

Criterios de Actuación:

- Ningún monitor/a pode administrar medicación que no estea pautada polo médico, salvo analxésicos de uso común e só en aqueles casos en que non este contraindicado.
- Cando a demanda de analxésicos se repite rexistrarse no libro de incidencias có obxecto de controlar cantidades e/ou derivar ó médico de cabeceira. Procederese de igual xeito si se trata de febre.

- Confidencialidade.
- En liñas xerais, os psicofármacos se toman en presenza do monitor/a, na habitación de monitores.
- O obxectivo dos acompañamentos ás citas médicas veñen determinados polos P.D.I.s. , tendendo a priorizar as consultas de seguimento de V.I.H. e fomentando a autonomía en análises, determinados especialistas, ...
- Programación de vacinacións.
- Cando a estancia no hospital se prolongue no tempo teremos en conta a periodicidade das visitas dos membros do equipo. A quenda da mañá pode marcar unhas mínimas semanais con obxecto de manter a coordinación co médico de referencia e no resto de quendas se tentará manter certa presenza, a ser posible, planificada.

Áreas Socioeducativa, de Ocupación do Tempo en Xeral e do Ocio e Tempo Libre e de Relacións Sociais

- Realización de obradoiros ocupacionais con contidos e duración dependerán do proceso de cada residente (P.D.I.).
- Potenciarase a realización de actividades de carácter lúdico, formativo,... dentro da Casa, especialmente en aquelas situacións de inmovilización ou semi-inmovilización (lectura, xogos de mesa, etc..).
- Recollida de información a través de prensa, folla semanal da Concellería de Cultura, folletos, ...
- Desenvolvemento de actividades de coñecemento da zona (facendo especial fincapé nos quince primeiros días das novas admisións).
- Realización de actividades que impliquen a utilización de outros recursos (instalacións deportivas, Casa da Xuventude, ...).
- Recollida de información sobre afeccións, intereses, ... a nivel individual (P.D.I.) ou grupal.
- Programación de actividades (P.D.I.).
- Acompañamentos iniciais no desenvolvemento das actividades programadas.
- Desenvolvemento de actividades de convivencia grupal: cenas, excursións, acampadas...
- Adestramento en Habilidades Sociais.
- Recollida de información sobre federacións, asociacións, cursos,...
- Incorporación a actividades que se realicen dende recursos "normalizados".
- Proxecto de Ocio e Tempo Libre (Anexo II)

Indicadores de Avaliación:

- Obradoiros realizados e número de persoas que asisten.
- Actividades realizadas dentro da Casa e persoas que as realizan.
- Número de actividades programadas fora e persoas que as realizan.
- Número persoas que se incorporan a recursos normalizados.
- Recursos que normalmente se utilizan no desenvolvemento das actividades.
- Avaliación do Proxecto de Ocio e Tempo Libre

Área de Consumo de Sustancias Tóxicas

- Recollida de información a través de protocolos, entrevistas, persoas e organismos implicados, ...
- Información sobre os recursos existentes.
- Derivación ó recurso máis axeitado.
- Acompañamentos iniciais.
- Coordinación cos profesionais do recurso comunitario de atención.
- Seguimento individualizado.
- Establecemento de pautas de control externo: analíticas de urina, acompañamentos, ...
- Derivación ó psicólogo.
- Coordinación e colaboración en las pautas marcadas polo psicólogo.

- Entrevistas individuais (P.D.I.).
- Intervención en outras áreas: ocio e tempo libre, Escola de Saúde, área formativa...

Indicadores de Avaliación

- Evolución das doses de metadona prescrita.
- Consumos.
- Tempos de abstinencia.
- Numero de persoas que traballan con psicólogo./a.

Área Xurídica

- Entrevistas.
- Recollida de informes, escritos, cédulas de citación...
- Elaboración de listado actualizado de causas.
- Notificación nós xulgados de novo domicilio previo envío de escritos.
- Contacto con avogados.
- Derivación ó avogado de apoio (colaborador dá Asociación).
- Realización e recollida de informes, certificados, ...
- Acompañamento e testificación nós xuízos.
- Peritaxes.
- Ofrecemento de información completa sobre o funcionamento dá Casa ós organismos xudiciais e penitenciarios como alternativa válida ó ingreso en prisión. Contactos có xulgado.
- Envío de informes mensuais.
- Solicitud de suspensión de condenas, remisións, ... a través do avogado.
- Envío de informes.
- Entrevistas.
- Reunións de coordinación.

Indicadores de Avaliación

- Listado de causas.
- Informes realizados.
- Xuízos.
- Peritaxes.
- Cumprimentos de condena.
- Art. 196.2
- Informes dós cumprimentos.
- Número de organismos xudiciais e penitenciarios que reciben información dá Casa.

Criterios de Actuación

A Casa asumiría cumprimentos de condena longos cando se trate de residentes, non así fronte a posibles novos ingresos, nós que se faría valoración de viabilidade por parte do Equipo e negociando as condicións có xuíz de vixilancia penitenciaria.

Área Familiar

- Entrevista inicial cá familia.
- Contactos periódicos, ben a través de entrevistas o telefónicos, informando sobre o estado dó/da residente.
- Establecemento de metas e compromisos de mutuo acordo.
- Revisión.
- Planificación de visitas tanto del residente á familia como dá familia ó residente.
- Acompañamentos iniciais.
- Planificación de estadías nó fogar familiar.
- Asesoramento e derivación ós recursos comunitarios.
- Información sobre ás pautas sanitarias, ... seguidas por o/a residente.

- Actualización da documentación básica.
- Proxecto de Inserción Socio-Familiar (Anexo III).

Indicadores de Avaliación

- Número de entrevistas iniciais ás familias.
 - Número de entrevistas/contactos telefónicos de carácter informativo.
 - Número de acompañamentos.
 - Tempos de estada ás familias.
 - Persoas que retornan á súa familia.
 - Visitas á familia ou estadas de membros da familia na Casa
- Avaliación do Proxecto de Inserción Socio-Familiar (Anexo III).

Usuarios:

Calquera persoa afectada polo VIH-SIDA, pertencente a Comunidade Autónoma de Galicia, ben sexa por solicitude persoal ou por derivación de calquera recurso sociosanitario comunitario.

Tamén poderán acceder ó recurso todos os internos afectados polo VIH-SIDA (sempre que a súa clasificación penitenciaria o permita, liberados condicionais polo artigo 196.2).

En ambos os casos darase prioridade as persoas nas que se evidencie un maior deterioro orgánico e/ou se determine a existencia real de falla total de recursos familiares y sociais que garanten a súa reinserción ou acollemento.

Así mesmo será prioritario o acollemento de mulleres afectadas polo VIH-SIDA que se atopen embarazadas.

Será condición excluínte a de ser drogodependente en activo. As persoas en tratamento da súa drogodependencia con antagonistas ou agonistas de opiáceos poderán acceder o mesmo e manter o tratamento.

Temporalización

O recurso Casa de Acollida estivo en funcionamento todo o ano 2013 de luns a domingo.

Avaliación:

O obxectivo principal da avaliación consiste en determinar partindo dunha liña base (estudio da realidade/desenvolvemento previo do programa) o grado de idoneidade, así como facer un seguimento que nos permita ir introducindo os axustes e medidas correctoras oportunas. En este senso se fai especialmente relevante dispor de indicadores que nos permitan un mellor nivel de análise. Os indicadores de este programa os clasificamos en dúas categorías:

Cualitativos:

Fundamentalmente se dirixen a avaliar o grado de implicación dos usuarios/as e a determinar o grado de cumprimento de expectativas e o nivel de satisfacción dos mesmos (escalas ad hoc).

Indicadores:

- Satisfacción dos usuarios/as.
- Grado de participación-implicación dos usuarios e voluntarios e alumnos en prácticas.
- Colaboración con outras institucións.
- N° de baixas voluntarias

Cuantitativos:

Fundamentalmente basease nun criterio obxectivo ou estadístico cara avaliar catro aspectos fundamentais: eficacia, eficiencia, proceso e impacto.

Eficacia:

- N° de usuarios programa.
- N° de actividades realizadas.

Proceso:

- Cumprimento de obxectivos.
- Cumprimento da planificación.

Eficiencia:

- Custe usuario.
- N° de voluntarios/usuario.
- N° de técnicos/usuario

Impacto:

- Ratio usuarios potenciais / atendidos.
- N° usuarios integrados o medio sociofamiliar.
- N° de usuarios integrados no medio laboral.

Recursos Humanos e Materiais:

Recursos Materiales

- Vivenda (habilitada para a residencia de 8 usuarios máis un espazo para reunións e atención individualizada).
- Mobiliario base de oficina.
- Instrumentos de avaliación e diagnóstico psicológico.
- Material de soporte técnico.
- Reactivos para orinaanálises.
- Material de oficina (arquivadores, bolígrafos... ,etc.).
- Equipo informático.
- Televisión e vídeo.
- Mobiliario propio dunha vivenda.

Recursos Humanos

Psicólogo a ½ xornada.

3 Educadoras Sociais a xornada completa

1 Integrador Social

1 Traballadora Social a xornada completa

1 Educador (4 meses)

Intervención psicológica e coordinación técnica e institucional.

Seguimentos individuais e reinserción.

Seguimentos individuais e reinserción.

Seguimentos individuais, reinserción, asesoramento para o tramite de documentación e prestacións

Cubrir quendas en vacacións.

3 alumnos en practicas: psicólogos, educadores sociais, traballadores sociais.

Os propios usuarios/as.

Distribución de tarefas:

- Psicólogo: Coordinación e intervención psicolóxica
- Equipo Psicólogo-Educadores-Traballadora Social: Elaboración e seguimento dos P.D.I's.
- Educadores: Seguimentos, acompañamentos e apoio/supervisión de tarefas domésticas.
- Equipo de Alumnos en Prácticas: Acompañamentos, avaliación de P.D.I.'s .
- Usuarios/as: Mantemento da hixiene da Casa, elaboración de menús e dinámica xeral de funcionamento da Casa.

O traballo desenvolverase en quendas de dous educadores pola mañá, un pola tarde e un pola noite.

O coordinador estará presente en horario de mañá o resto do tempo deberá estar localizable para calquera emerxencia.

Establécense reunións semanais de coordinación e revisión de casos.

Proxecto de Educación para a Saúde para a Casa de Acolida

Obxectivo Xeral

Fomentar, preservar e restituír a saúde do residente, previndo a aparición de posibles enfermidades cara a gozar dun bo estado de saúde.

Obxectivos específicos

- Que os residentes se responsabilicen da súa saúde.
- Lograr que o residente adquirira os coñecementos e hábitos de conducta necesarios para lograr a súa propia realización persoal como membro útil da sociedade.
- Descubrirlle ós residentes os valores e a importancia da saúde.
- Lograr o desenvolvemento dunha imaxe positiva e obxectiva do residente.
- Dar a coñecer o funcionamento do corpo e valorar o beneficio do exercicio físico, a hixiene e a alimentación.
- Fomentar o coñecemento dos recursos da comunidade en temas relacionados coa saúde.
- Prever as recaídas nas drogodependencias.
- Fomentar no residente unha sexualidade positiva e saudables.

Avaliación

Actividades	Intervencións
Responsabilización persoal do cumprimento dos tratamentos médicos prescritos.	8 residentes
Obradoiro sobre o corpo humano e o seu funcionamento.	2 obradoiros / 10 h 7 residentes
Obradoiro de formación básica sobre VIH e a SIDA e ITS	1 obradoiro / 10 h 7 residentes
Obradoiro sobre as medicacións antirretrovirais.	1 obradoiros / 10 h 7 residentes
Obradoiro sobre o alcohol e as outras drogas e os seus efectos.	1 obradoiro / 10 h 6 residentes
Obradoiro sobre a interacción dos medicamentos con outras sustancias.	1 obradoiro / 10 h 7 residentes
Obradoiro de nutrición e hixiene persoal.	1 obradoiro / 10 h 8 residentes
Obradoiro sobre a autoestima dos residentes.	1 obradoiro / 10 h 7 residentes
Adestramento en habilidades de afrontamento de situacións conflictivas e de resolución de problemas.	1 obradoiro / 10 h 6 residentes

Indicadores de Avaliación	Intervencións
Nº de usuarios.	8 usuarios diferentes
Grao de satisfacción dos usuarios.	Medio/Alto

Proxecto de Ocio e Tempo Libre

Obxectivo Xeral

Fomentar a utilización do tempo libre da forma positiva, activa e saudable

Obxectivos Específicos

- Promover o inicio, recuperación e mellora do ocio dentro da Casa de Acollida.
- Potenciar o coñecemento das ofertas lúdicas, recreativas e culturais da zona, así como a utilización dos recursos comunitarios.
- Favorecer unha organización do tempo libre que incida nos centros de interese do residente.
- Fomentar o descubrimento, ampliación e creación de relacións sociais nun ámbito normalizado de convivencia.
- Potenciar a cohesión do grupo, a comunicación e a convivencia na Casa.

Avaliación

Actividades	Intervencións
Recollida da información sobre afeccións e intereses a nivel individual.	8 usuarios
Implicación dos residentes na programación de actividades a realizar.	8 usuarios
Potenciación do ocio lúdicas dentro da Casa diferente á TVE: lectura, tertulias, etc. ...	8 usuarios
Obradoiro de Entroido.	6 usuarios
Recollida de información sobre as ofertas de carácter lúdico a través da prensa.	8 usuarios
Coñecemento turístico de distintas zonas da Comunidade Autónoma.	2 excursións

Realización do ocio a través doutros recursos: bibliotecas, Casa da Xuventude...	8 usuarios
Desenvolvemento de excursións dun día fóra da cidade de Ourense.	2 excursións
Implicación dos residentes nas actividades que organizan o Comité Cidadán Anti-SIDA: Tapiz Solidario	8 usuarios
Implicación de voluntarios no desenvolvemento de actividades lúdicas.	3 voluntarios

Indicadores de Avaliación	Intervencións
Nº de usuarios.	8
Grao de satisfacción dos usuarios.	Alto

Proxecto de Inserción Sociofamiliar e Laboral

Obxectivo Xeral

Promover a boa relación entre o residente e a súa familia, implicando á familia na evolución de proceso rehabilitador do residente

Promover a inserción laboral dos residentes e a súa autonomía social

Obxectivos Específicos

- Coñecemento de todos os elementos da estrutura e dinámica familiar que poidan ser significativos para o proceso do residente.
- Manter informada á familia de todas as incidencias relacionadas coa evolución do residente.
- Facilitar o achegamento paulatino entre a familia e residente.
- Realizar seguimentos periódicos das relacións entre o residente e os seus familiares.
- Detectar dificultades.
- Dotar ás familias de estratexias e pautas de conducta para o bo afrontamento da convivencia.
- Fomentar o coñecemento de todos os recursos de busca de emprego e a súa utilización.
- Potenciar a inclusión e realización de cursiños prelaborais e laborais.
- Potenciar a inscrición no INEM, Servicio Galego de Emprego e ETT's.
- Fomentar o desenvolvemento de cursiños da Universidade Popular.

Avaliación Inserción Sociofamiliar

Actividades	Intervencións
Entrevistas coas familias.	5 familias
Contacto cos axentes sociais que informan ou que estean intervindo.	8 entrevistas
Entrevistas cos residentes.	8 entrevistas
Achega de información	8 entrevistas

sobre o funcionamento da Casa ós familiares.	
Establecemento de pautas de conducta os familiares adecuadas ó proceso do residente.	5 familias
Apoio emocional para os familiares.	5 familiares
Planificación de visitas do residente ó núcleo familiar.	7 residentes
Favorecer e planificar visitas dos familiares á Casa de Acolida.	5 familias
Acompañamentos iniciais nas visitas do residente a súa familia, cando o proceso o requira.	5 residentes
Grao de satisfacción dos usuarios.	Medio/Alto

Avaliación Inserción Laboral

Actividades	Intervencións
Inscripción no INEM, Servicio Galego de Emprego, ETT's	7 residentes
Desenvolvemnto de cursiños prelaborais e laborais	7 residentes
Desenvolvemento de Cursos da Universidade Popular.	5 residentes
Inserción laboral temporal	2 residentes
Deselvolvemento do Curso de Informática Básica, Office e Internet	7 residentes
Curso Graduado Escolar	1 residente
Grao de satisfacción dos usuarios.	Medio/Alto